

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 11/10/2018, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

1

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.-
- 2º.- Mocións de grupos políticos.-
- 3ª.-Aprobación, se procede, Proxecto Reordenación do Mercado de Fisterra para uso como mercado mariñeiro e cultural ano 2018 subvencionado pola Excma Deputacion Provincial.-
- 4º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 5º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:30 horas, do día 11/10/2018, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello baixo a **Presidencia do Sr. Alcalde, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, **coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación**, coa seguinte:**

1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.-

- Sometida a votación a acta do día 3 de Agosto de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes, facéndose a observación por parte do Sr. Traba Fernandez do Grupo Popular de que no punto 5º Moción do BNG sobre declaración de persoas non gratas aos compoñentes da Manada, omitiuse a aclaración da razón pola que non participamos na votación, que era: “por dubidar da legalidade da votación ante a existencia doutros Concellos que manifestaron o mesmo”.-

Sometida a votación a do día 16 de agosto de 2018, é aprobada por unanimidade.

2º.- Mocións de grupos políticos.

A) Moción do grupo BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

(Rexistro de Entrada 2763 de 01/10/2018)

Dada conta do seu contido:

“O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera

formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;**
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;**
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e**
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.**

Compre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e podería chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Políticamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigente e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo

a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Político da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Máis a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primerio lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas desde país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusación tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a élite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

INTERVENCIONS

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular:

Por tratarse dunha Moción que ten carácter ideolóxico ao ser formulada polo BNG é porque consideramos que é a xustiza quen debe determinar o que proceda e porque non podemos quitarlle o dereito a un particular a denunciar, votaremos en contra.

Sr. Alcalde

Considero a necesidade de retirar na Moción planteada o parágrafo “A permanencia destas propiedades ..”, ao non estarmos de acordo con esta afirmación, se ben dicir que actualmente o goberno español está no pelotón de grandes países demócratas cunha puntuación de 9 sobre 10; desde fóra países, tradicionalmente demócratas, recoñecen e avalan os nosos avances nese sentido.

Criticar a transición política do 78 non me parece ben.

De todas formas apoiaremos o acordo en si porque consideramos que é máis razoable, pero non o contido íntegro da Moción.

Sometida a votación, é aprobada por Sete votos a favor (4 PSOE, 2 BNG e 1 CG) e Catro en contra do Grupo Popular.

3ª.- Aprobación, se procede, Proxecto Reordenación do Mercado de Fisterra para uso como mercado mariñeiro e cultural ano 2018 subvencionado pola Excma Deputacion Provincial.-

Unha vez examinado, o Pleno da Corporación Municipal por sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) coa manifestación expresa do Sr. Traba Fernandez como Portavoz dos Concelleiros do grupo Popular non sentido de que " non participamos na votación, porque entendemos que non se debe aprobar un Proxecto sen a existencia dos Informes Sectoriais que sexan pertinentes para poder levala a cabo", acorda:

1.- Aprobar o Proxecto Básico e de execución da Obra denominada "Reordenación do Mercado de Fisterra para uso coma mercado mariñeiro e cultural" redactado polo Arquitecto Vicente Rivas Negreira de data 28 de Setembro de 2018 cun orzamento total de Douscentos cincuenta e tres mil catrocentos setenta e cinco euros (253.475,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido que consta no expediente.-

2.- Declarar que o Concello é titular do Ben, ten a dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras e farase a oportuna solicitude dos Informes que sexan necesarios para obter as pertinentes Autorizacións.-

Quedando acordado pola maioría absoluta dos membros desta Corporación o Cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público con destino á finalidade indicada no Proxecto.-

3.- Solicitar da Excma Deputación Provincial unha Subvención polo importe de Douscentos mil euros (200.000,00 €) e compromiso firme de aportación municipal restante con cargo ao Presuposto Ordinario desta Corporación.-

4.- Declarar que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento a executar.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución da obra referida que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

8.- Compromiso da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

9.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Seguidamente o Pleno por Sete votos a favor (4 PSOE, 2 BNG e 1 CG) e sen a participación dos Concelleiros do Grupo Popular por entenderen que non se debe aprobar un proxecto sen a existencia dos informes sectoriais pertinentes como é o caso.

INTERVENCÍONS

Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega:

É verdade que foi unha tomadura de pelo cando se sometiu este acordo por primeira vez na orde do día e sen o proxecto que agora se presenta; considero que non se lle está dando moita atención a este Proxecto.

Sr. Alcalde

Non son técnico, pero si é verdade que imos intentar sacar o proxecto da Casa da Cultura adiante, e a razón de traelo ao Pleno é porque nos están apurando de Deputación para a súa aprobación.

4º.- Resolucións da Alcaldía, para coñecemento.-

Dase conta das seguintes :

- **Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.**
- **Concesión de vacacións en favor de Juan Carlos Carril Pérez durante o período 1 ao 17/08/2018 (incluídos).**
- **Concesión de vacacións en favor de Carmen M^a Ballón Estévez durante o período 1 ao 17 de agosto, 5 ao 17 de setembro incluídos.**
- **Solicitud por parte de Jennifer Silva Domínguez no Rexistro Municipal de Animais potencialmente perigosos.**
- **Contratación de M^a Francisca Cascallar Mouzo en categoría de Peón durante o período comprendido entre o día 1 de agosto ao 19 de decembro de 2018 ante a renuncia presentada por Gonzalo Insua Insua.**
- **Vacacións en favor dos traballadores deste Concello (Servizo Limpeza Praias)**

Tania Martínez Carril	Peón	27 ao 31/08 (incluídos)
Paula Liñeiro Marcote	Peón	10 ao 14/09 (incluídos)
Sandra Marcote Traba	Peón	17 ao 21/09 (incluídos)

- **Vacacións en favor de M^a Teresa Dourado Martínez durante o período comprendido entre o 16 de agosto ao 6 de setembro.**
- **Autorización para as festas do Carme durante os días 10 e 11 de agosto na localidade de Sardiñeiro a favor da Asociación de Veciños Virxe do Carme de Sardiñeiro.**
- **Contratación a favor de Lucinda Espasandín Martínez con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 1 ao 16 de agosto de 2018 como auxiliar de axuda no fogar.**
- **Concesión de vacacións a favor de Sonia Riveiro López durante o período correspondente entre o 1 ao 7 de agosto (ambos incluídos).**
- **Vacacións en favor de Rubén Fábregas Santos durante o período comprendido entre os días 5 ao 19 de decembro (ambos incluídos).**
- **Resolución expedientes sancionadores de tráfico.**

- Contratación de Ana Isabel Suárez Buján con carácter eventual durante o período comprendido entre os días 4 ao 16 de agosto como “asistente domiciliaria” ante a substitución da traballadora María Trillo Casais.
- Contratación de Jessica Marcote Domínguez como “auxiliar de axuda no fogar” durante o período comprendido entre o día 6 de agosto ata o momento da incorporación da traballadora substituída Lucinda Espasandín Martínez.
- Expediente de Delegación de Matrimonio civil en favor de Daniel Juan Benlloch Rivas para celebración de dito matrimonio entre José Javier Sar Domínguez e Verónica González García o día 18 de agosto.
- Concesión de vacacións en favor de María Trillo Domínguez en concepto de Auxiliar de Axuda no fogar durante o período comprendido entre os días 4 ao 17 de agosto (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de Alicia López Gil como Axente Tic durante o período comprendido entre o 6 ao 31 de agosto (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de Angel Manuel Lobelos Suárez como Auxiliar de Policía Local durante o período comprendido entre o 10 de setembro ao 9 de outubro (ambos incluídos).
- Vacacións en favor de Manuel Angel Canosa Lires durante os días 16 e 17 de agosto de 2018.
- Concesión de autorización para realización para realizar un espectáculo pirotécnico o día 11/08/2018 na localidade de Sardiñeiro con motivo das festas do Carmen.
- Solicitud a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia unha subvención para Servizos Sociais cun presuposto para o ano 2018 por un importe de 196.808,97 €.
- Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico.
- Autorización Festa Folk a favor de Juan Ramón Martínez Canosa o día 18 de agosto de 2018.
- Contratación de Lucinda Espasandín Martínez ante a substitución da traballadora Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre os días 17 ao 22 de agosto de 2018 como Auxiliar de Axuda no Fogar.
- Contratación con carácter eventual a Ana Isabel Suárez Buján durante o período comprendido entre o 20 de agosto ao 3 de setembro como “asistente domiciliaria” ante a substitución de M^a Lourdes Domínguez Lago.

- Delegación de Funcións de Alcaldía en favor de Xan Carlos Sar Oliveira durante o período comprendido entre os días 20 de agosto ao 2 de setembro (ambos incluídos).
- Vacacións en favor de Miguel Angel Oliveira Traba durante o período comprendido entre o 22 ao 31 de agosto, 10 ao 24 de setembro de 2018.
- Concesión de vacacións en favor de Darío Gómez Valdomar durante o período comprendido entre o 10 ao 14 de setembro (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de Nélica Cambeiro Otero durante o período comprendido entre o 27 de agosto ao 26 de setembro (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de Pilar García Trillo durante o período comprendido entre o 10/09 ata o 24/09/2018.
- Concesión de asuntos particulares en favor de Milagros Canosa Santamaría durante os días comprendidos entre o 15 ao 22 de outubro de 2018.
- Contratación con carácter eventual de Ana Isabel Suárez Buján, durante o período comprendido entre o 10 ao 26 de setembro de 2018 ante a substitución da traballadora Pamela Caamaño Carril.
- Autorización para celebrar os festexos patronais os días 7, 8 e 9 de setembro de 2018 na zona portuaria ante a solicitude formulada pola Comisión de Festas do Carne e Santa María de Fisterra.
- Vacacións en favor de Manuel Angel Canosa Lires durante o período comprendido entre o 19 ao 21 de setembro ambos incluídos.
- Aprobación definitiva de Padrón de auga, vaos e saneamento 2018.
- Concesión de licenza de días por asuntos propios en favor de Juan Carlos Carril Pérez durante os días 17 e 18/09/2018.

- Concesión de vacacións en favor do persoal de limpeza de praias:

José Santiago Papín Rivas	24 ao 28/09/2018
M^a Betania Enedino da Silva	24 ao 28/09/2018
Clara M^a Amado Sánchez	24 ao 28/09/2018
M^a del Carmen Fdez Oviedo	17 ao 21/09/2018

- Concesión de vacacións en favor de M^a Begoña Valdomar Insua durante o período comprendido entre o 17 ao 28 de setembro (ambos incluídos).

- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o 15 ao 30 de setembro como Técnicas de Turismo a Vanessa Pena Brantuas e Alis-Ana López Gómez.
- Concesión de vacacións en favor de Iria García Sar durante o período comprendido entre o 12 ao 19 de novembro de 2018 como Técnica de Turismo.
- Concesión de vacacións en favor de M^a Filomena Domínguez Velay durante o período comprendido entre o 20 de setembro ao 22 de outubro (ambos incluídos).
- Expediente de paralización de obras pola construción rampa e peche con bloques na Rúa Mar de Fóra por parte de Álvaro Rodríguez Franco, S.L por carecer da oportuna licenza municipal.
- Contratación con carácter temporal a favor de M^a Amable Domínguez Pombo ante a baixa voluntaria de Carlos Casais Trillo durante o período comprendido entre o 24 de setembro ao 20 de marzo de 2018.
- Contratación de Lucinda Espasandín Martínez ante a substitución de M^a Lourdes Domínguez Lago desde o día 24/09/2018 ata o momento en que se produza a alta da traballadora substituída.
- Expediente de limpeza de fincas a nome de M^a Genoveva López Ortiz.
- Concesión de vacacións en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante o período comprendido ente o 3 ao 11 de outubro de 2018.
- Concesión de vacacións en favor de María Rodríguez Fernández durante o período compendido entre o 22 ao 29 de outubro de 2018 (incluídos).
- Concesión de permiso por falecemento en favor de Selene Trillo durante os días 3, 4, 5, 6 e 7 /10/2018.

O Pleno dáse por enteirado.

5º.- Rogos e Preguntas:

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

- Por qué unha vez que se fixo o saneamento de Vilar non se executou ata a escola de Vilar e as casas de Arnela?

Sr. Alcalde

Por razóns presupostarias.

- Abriuse por empregados municipais un oco duns 5 metros no muro do parque da igrexa. Cal é o obxecto? Está contemplado no Plan do Monte do Cabo? Ten os permisos?

Sr. Alcalde

Fíxose como medida de emerxencia para o caso de ter problemas de vehículos e poder acceder ao interior, non é para usar, por iso non se tramitou ningún procedemento dado que non se trata dunha idea permanente.

- Hai unhas pintadas no edificio da Sirena do Faro, moi evidentes e que levaron todo o verán. Fíxose algunha xestión para retiralas ou facelo o propio Concello? Esta é a posta en valor do faro que pretende este goberno?

Sr. Alcalde

Fixéronse as xestións pertinentes e foron quitadas as pintadas.

- O Tenente de Alcalde participou nunha inspección de tráfico efectuada pola Policía aos autobuses da Empresa Arriva?

Sr. Xan Carlos Sar do Grupo BNG contesta que:

Non participei na inspección dado que non son Policía Local, simplemente quedei mirando como calquera cidadán.

- En días pasados vimos na prensa que se tiña instalado unha toma de corrente para vehículos eléctricos ao lado do Bar O Refuxio concesionado polo Concello. Segundo se indica no mesmo artigo: “ de feito é un servizo para os clientes, pero se un usuario alleo o necesita aplícaselle a tarifa dunha praza de aparcamento? Estase cobrando por aparcar na vía pública do faro? Ten licenza?

Sr. Alcalde

Estamos analizando o tema, dado que pode tratarse dun servizo ao cliente que accede ao hotel ante a existencia dunha concesión administrativa que leva a cabo a xestión pola concesionaria.

- Os badéns de goma que se instalaron na rúa e aldeas están a ser substituídos. E este o modelo definitivo? Canto custaron os anteriores? Que se vai facer cos que se retiraron?

Sr. Xan Carlos do Grupo BNG contesta que:

Fixeron protestas os veciños e cambiáronse por outras. Molestaban aos tractores que circulaban pola zona rural. Non se pode dicir exactamente o importe.

- Pagouse a unha empresa por sonometría a Tres locais, cal foi o resultado?

Sr. Alcalde

Si, con motivo da prestación do servizo en tres locais debido a queixas por ruídos, pedíronse presupostos e aceptamos o máis asequible con homologación para estas actuacións.

Fixéronse as inspeccións acompañadas pola Policía Local e deron negativas, nunha delas o ruído debíase máis a factores externos cós do propio local.

O seu prezo foi mil seiscientos euros aproximadamente.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:37 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.